

# ANUARIO BRIGANTINO

2023

N.º46



## ÍNDICE

* El tesorillo del convento de San Francisco de Betanzos, por JOSÉ SUÁREZ OTERO.....	9
* San Roque padroeiro de Betanzos desde 1694, por JOSÉ M. BÉRTOLO BALLESTEROS.....	29
* Dous exemplos de oratorios privados no Betanzos do S. XVIII: o caso dos Araújo – Varela e dos Bermúdez de Castro – Fajardo, por ERNESTO VÁZQUEZ-REY FARTO.....	33
* O sistema de veredas da provincia de Betanzos (séculos XVIII e XIX), por ÁLVARO BENEDICTO PÉREZ SANCHO.....	39
* Os arquivos da nobreza galega. O fondo Leis – Casa de Moruxo, por DANIEL MENA ACEVEDO.....	59
* Seis piezas prehistóricas de la Colección Rafael Seoane. por ADRIÁN FEIJOO SÁNCHEZ e PABLO MUMARY FARTO.....	77
* Secuencia histórica de los globos de Betanzos, por MARIA DE LAS MORAS HERVELLA.....	87
* O Liceo Recreativo de Betanzos: a súa historia e o seu reflexo documental, por ANDREA RIVEIRA LÓPEZ.....	109
* El árbol y su fiesta en Betanzos. Apuntes, por JOSÉ LUIS CRESPO GARRIDO.....	121
* A romaría da Angustia segundo o seu reflexo na prensa, por DIEGO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ.....	149
* Areeiros betanceiros. Unha pequena historia contada por eles mesmos, por XOSÉ MARÍA VEIGA FERREIRA.....	163
* «Betanzos, 9 de marzo de 1939. III Año Triunfal» O asasinato da máquina de escribir, por XESÚS TORRES REGUEIRO.....	177
* Mulleres espontáneas no Arquivo Municipal de Betanzos, por ÁNGEL ARCA Y BARRAL.....	223
* Germán Corral Castro: biografía militar del principal impulsor en España de la hermandad de veteranos de las Fuerzas Armadas y la Guardia Civil, por MANUEL RIVERA PÉREZ.....	233

* El Nicho de los Equilibros del Parque del Pasatiempo, por RAÚL OTERO SÁNCHEZ.....	243
* Sofía Feliu: Betanzos como museo ao aire libre, por PAZ MORENO FELIU.....	275
* Club de lectura betanceiro. Cultura cotiá para crear comunidades patrimoniais, por SARA FRAGA PÉREZ.....	303
* BAM Betanzos 2023, por ÁNGEL ARCA Y BARRAL.....	323
* ACONTECEMENTOS DO ANO.....	331
* ENTIDADES CULTURAIS.....	379

# A romaría da Angustia segundo o seu reflexo na prensa

DIEGO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ\*

## Resumo

Estudo para poñer en valor a romaría das Angustias, repasando a súa existencia na prensa histórica da provincia.

## Abstract

This study aims to highlight the importance of the Angustias pilgrimage, going over its history through the historical press in the province.

Das Angustias xa te ollo,  
pra rubir moito acorei.  
No peito eu te recollo,  
de angurias non morrerei.

Ricardo G. Gondell, *A Frol das Mariñas*

## INTRODUCCIÓN

Nos últimos tempos, a celebración da festividade desta advocación mariana non rexistra unha notábel presenza respecto do número de persoas que asisten ós cultos relixiosos (novena e misa solemne) e, polo que se refire á parte da verbena popular hai preto dunha década que non se leva a cabo ningunha actividade festeira, nin sesión vermú nin baile pola noite.

Mais non sempre foi así, como veciño do lugar teño sobradas lembranzas do templo ateigado de xente durante a misa solemne, das actuacións do grupo de baile galego Pasiño a Pasiño (orixinado precisamente na catequese desta igrexa), das sesións vermús coa veciñanza das parroquias adxacentes e, sobre todo, da chocolatada do sábado á noite.

No entanto, son máis os recordos de épocas anteriores que me foron transmitidos pola miña familia e que me fan ter unha idea da importancia da romaría da Angustia, tanto polo número de fieis que acudían a



Pasiño a Pasiño o día da festa da Angustia.

\***Diego Fernández Fernández** (Betanzos, 1983). Licenciado en Documentación pola Universitat de Barcelona. Durante doce anos estivo á fronte do Departamento de Arquivo Hemerográfico do xornal *El Progreso*, de Lugo. Actualmente leva xa tres anos traballando como freelance en proxectos de catalogación e organización de coleccións documentais para fundacións do eido cultural de Galiza. Tamén traballou para a administración pública organizando diferentes arquivos municipais. Compaxina o seu traballo como documentalista, con colaboracións na publicación dixital *Oceanum, Revista Literaria Independiente*.

venerar esta imaxe da virxe, como pola festa rachada que se montaba e que supoñía a fin da tempada verbeneira estival na contorna de Betanzos.

Para tentar reflectir todo isto do xeito máis preciso posíbel acudín á prensa escrita na procura daquelas novas publicadas en relación coa romaría da Angustia.

Acorde a isto, a pretendida análise da festa segundo o seu reflexo na prensa estruturouse nos seguintes catro bloques temáticos que ó longo deste traballo iranse debullando dun xeito máis concreto en catro apartados, un referido á descrición da propia festa da Angustia, outro sobre o San Miguel, un terceiro relativo a sucesos e leas que aconteceron durante as celebracións e un último sobre a veneración das cigarreiras.

Como anexo a este estudo inclúese unha listaxe dos nomes propios (con cargos e referencias cronolóxicas) que foron aparecendo nas noticias e crónicas da romaría da Angustia analizadas no presente traballo.

## 1- DESCRICIÓN DA FESTA DA ANGUSTIA



Festa da Angustia.

Ó igual que a maioría das festividades relixiosas da Galiza, a da Angustia contaba cunha parte solemne centrada na veneración da imaxe da virxe e unha parte máis mundana na que a protagonista era a algarada das xentes desprazadas até o santuario.

Polo que se refire ós oficios relixiosos, iniciábanse nove días antes da festa coa celebración dunha novena, algúns anos cantada, que polo xeral adoitaba ter lugar na propia igrexa da Angustia, agás unha serie de anos (1932-1934, 1937, 1943, 1944 e 1957) nos que as crónicas recollen que se oficiou na igrexa parroquial de Santa María do Azogue.

O horario de celebración da novena adoitaba ser pola tarde arredor das 17:30h., aínda que dáse a entender que algúns anos se celebrou tamén pola mañá. Como curiosidade neste punto pódese mencionar que no ano 1907 se celebrou un *septenario*. Nalgúns anos indícase que os gastos da novena foron sufragados por fieis, como por exemplo no ano 1912 no que se fixo cargo dos mesmos a familia de don José Dopico “*acaudalado comerciante argentino*”.

O día grande da celebración da festividade da Angustia sempre foi o terceiro domingo do mes de setembro e nesa fin de semana organizábanse as festas que tiñan unha duración de entre tres e catro días. Houbo dous anos, o 1905 e o 1906, no que se cambiou a data de celebración da romaría para que non cadrase con outras celebracións profanas.

No domingo celebrábase unha misa solemne pola mañá que se engrandecía coas actuacións, dentro da liturxia, de bandas de música, orquestras, coros e solistas. Ademais contábase coa lectura dunha homilía por parte dun orador, convidado para tal efecto e normalmente de fóra da cidade, que polo xeral adoitaba falar das virtudes e dós da virxe, aínda que no 1896 o orador convidado, don Miguel Carreró, falou das penurias polas que atravesaba o país naquel entón recién iniciada a Guerra de Cuba. No ano 1934 completouse a misa cun recital de poemas á virxe por parte dun grupiño de nenas vestidas de branco. Outro feito que pode resultar curioso recóllese no anuncio da festa publicado en *El Eco de Galicia* o 22 de setembro do 1912 no que se indica que finalizada a misa repartíranse 100 libras de pan para os pobres.

En moitas ocasións, previamente a esta misa solemne iniciábanse en Betanzos os festexos cun repenique de campás na igrexa de Santa María do Azogue, bombas de palenque, pasarrúas e procesión dende a cidade até o santuario da Angustia. No ano de 1890, no xornal betanceiro *El Mendo* faise unha crónica moi polo miúdo da celebración e infórmase que o pasarrúas da Banda de Betanzos iniciouse ás 06:30h. da mañá e que a procesión das imaxes e do “ramo” partiu cara a Angustia onde se xuntou no cruceiro con imaxes relixiosas procedentes de Piadela, Cortiñán, Castro e San Fiz, parroquias circundantes ó lugar da festa.



Nenas da escola das Angustias.



Festa da Angustia.

Unha vez finalizada a misa solemne tiña lugar a procesión polos arredores do santuario. Na crónica de *El Ideal Gallego* do ano 1931 indícase que a procesión chegaría até a “*cueva de la aparición*” que sería o lugar onde supostamente apareceu soterrada a imaxe pétrea da virxe da Angustia e que pode situarse nunha das marxes da actual carretera N-VI.

Nalgunhas das crónicas dos primeiros anos faise referencia a que se subían imaxes dende a igrexa de Santa María do Azougue até o santuario. Pódese supoñer que neses anos a virxe da Angustia que procesionaba era a que se atopa en Santa María. No obstante a partir de principios da década de 1900 desaparecen esas referencias nas crónicas. A explicación deste feito atópase en que a imaxe da virxe da Angustia que preside o retablo principal do templo e que procesiona o día grande da festa, da autoría do escultor compostelán Maximino Magariños, está datada en 1902 polo que se entende que a partir dese ano o templo xa tiña a súa propia imaxe da santa, ademais da primitiva de canteiría.



Procesión da Virxe da Angustia. Mes de setembro.  
Segunda metade dos anos 40-Primeira metade dos anos 50.



Nenas da Escola da Angustia  
coa mestra doña Concha.  
Ano 1963 ou 1964.



Mozas no campón da Castela coa torre da igrexa da Angustia ó fondo. Anos 50.





Noiva co seu padriño de voda no adro da igrexa da Angustia. Setembro do 1956,

Tras a parte espiritual, o seguinte era darse ós praceres materiais e á festa, na cal tiña un papel máis que destacado a música e, tanto para a sesión da mañá (que finalizaba ás 14:00h.) como para a vespertina (que comezaba ás 18:00h.), sempre se contaba coa presenza de agrupacións como a Banda de Música de Betanzos (varios anos), a Murga de Piadela (1888), a Banda dos Cafús (1894), Banda Obreira de Betanzos (1904), a Banda de Música de Los Barreiros de Miño (1933), a orquestra Los Plateiros de Dorneda (1935), a orquestra Los Ideales de Souto (1935) xunto cos organillos e as gaitas do país.

Ademais da música, na romaría popular había outro tipo de distraccións como as cucañas (1935) xunto dos espectáculos pirotécnicos “*de aire y de plaza*”, a iluminación “*a la veneciana*” tanto do pórtico da igrexa como do campo da festa e a elevación de globos, estas dúas a cargo do empresario Claudino Pita.

En varias das crónicas menciónase que a fin da festa se poñía na media noite, aínda que é de supoñer que sempre habería quen a prolongase por conta propia. Hai tamén constancia de que a romaría da Angustia se prolongaba cunha xira ós Caneiros ó día seguinte, como así se recolle en *Las Mariñas* o 10 de setembro do 1893.

Polo que se refire ó financiamento da festa son varios os anos nos que se apunta a que esta corría á conta de diferentes gremios profesionais da cidade de Betanzos, así no 1893 foron as panadeiras e demandadeiras (recadeiras) as que se fixeron cargo dos gastos, no 1894 e 1895 tocoulle ós comerciantes de feiras e mercados e no 1896 voltaron a ser as panadeiras e demandadeiras. Mais hai tamén crónicas nas que se informa que pola cidade de Betanzos andívose a recadar cartos para a festa da Angustia, nunha delas publicada en *La Aspiración* o 20 de setembro do 1908 aféase a conduta de moitas persoas que se din relixiosas e que cando se lles solicita o seu apoio económico víranse de costas.

Son bastantes as informacións arredor da romaría da Angustia nas que se fai referencia a que o número de asistentes estivo condicionado pola climatoloxía que en setembro tanto pode ser un epílogo do verán coma un anticipo do outono. Xa se sabe “*setembro ou seca as fontes ou leva as pontes*”.

Na gran maioría das noticias publicadas sobre a festa da Angustia faise eloxio do traballo realizado polo capelán do santuario, don Juan Penedo López (presente nas crónicas dende o 1905 até o 1950) para que as celebracións litúrxicas fosen lucidas, así como tamén, nos últimos anos, ponse en valor o esforzo da comisión de festas integrada pola veciñanza do lugar.



Adultos, mozos e nenos no adro da igrexa da Angustia. Anos 60.

## 2- O SAN MIGUEL

En relación ó outro santo titular do templo da Angustia, o San Miguel, tamén contaba coa súa propia romaría.

Son varios os anos (1894, 1904, 1910-1913, 1916, 1922 e 1933) nos que a prensa recolle pequenas crónicas nas que se dá conta da celebración no templo da Angustia das honras relixiosas e profanas deste arcanxo.

Ó igual que no caso da festa da virxe da Angustia, o San Miguel contaba cunha misa cantada, baile, romaría e fogos de artificio. No ano de 1933 en *La Voz de Galicia* mesmo se apunta que a festa do San Miguel se prolongaría durante tres días, o 1, 2 e 3 de outubro. *El Eco de Galicia* o 4 de outubro do 1912 apunta que as celebracións da festividade do San Miguel foron financiadas polos veciños do lugar.

Hai dous apuntamentos con relación ó San Miguel que merecen especial atención. No ano 1925, dentro das novas arredor da romaría da Angustia, infórmase que se estreará unha imaxe do San Miguel, da autoría de José Rivas, e que procesionará a canda a imaxe da virxe.

Por outra banda, no ano 1926 o xornal *El Ideal Gallego*, dentro da sección “Crónica Ferrolana” contén varias mencións ós trens especiais que dende a cidade de Ferrol se puxeron cara Betanzos para asistir á romaría do San Miguel, mais neste caso ó non aparecer ningunha mención ó templo da Angustia é doado supoñer que se trata da romaría dos Alborotados, no templo dos Remedios.

## 3- SUCESOS E LEAS

En calquera romaría na que o comer, o bailar e o beber teñen un protagonismo notorio adóitanse producir altercados de maior ou menor trascendencia entre as xentes participantes. Neste senso, a da Angustia non constitúe unha excepción, e como ben se apunta no xornal *El Mendo* na crónica da romaría do 1890 os “*lios de costumbre*” non faltaban.

No ano 1904 en *La Aspiración* cóntasenos que na romaría da Angustia, ademais dun inoportuno chaparrón, houbo unha pequena lea entre o *Marabillas*, veciño da Magdalena, que despois de ser rexeitado por unha moza á cal lle ofrecera un vaso de viño, tiroullo por riba ó ver que esta si aceptaba o convite doutro galán. Os gardas interviron para que a cousa non fose a maiores e o *Marabillas* despois de pelexar con eles botouse a correr campo a través para finalmente ser detido pola benemérita e conducido ó “*cuarto de corrección*” onde permaneceu unhas horas.

Dous anos máis tarde, tamén no xornal *La Aspiración* dase conta dunha pelexa entre o *Rabizas*, carreteiro e vicario da propia festa da Angustia, e o dono dun dos postos de venda de viño, por causa da demora do gaiteiro en comezar a festa. Na liorta entrevistou José Lagoa, a quen o *Rabizas* lle quixo zoupar, cousa que impediu un grupo de mulleres, mais o José Lagoa aproveitou o tumulto para darlle un pau na testa e escapar.

No exemplar de *La Voz de Galicia* do 23 de setembro de 1915 infórmase da detención de Jesús Sánchez Amor, veciño de Vixoi de dezaioito anos, por dispararlle no lugar da Angustia a Manuel Veiga Lamas, sen chegar a causarlle ningunha ferida.

Esta información ampliásenos anos despois, concretamente no 1919, a través das crónicas xudiciais de *El Ideal Gallego* e *La Voz de Galicia*. Nelas faise referencia a un xuízo polo altercado acontecido no luscofusco do 18 de setembro do 1915, durante a celebración da romaría da Angustia, cando Jesús Sánchez Amor, o *Maraño*, disparou

varias veces cunha arma de fogo contra os irmáns Manuel Veiga Lamas e José Veiga Lamas, por fortuna sen ferilos. Na crónica de *El Ideal Gallego* aparece Celedonio Veiga como única vítima dos disparos.

O primeiro de setembro do ano 1920 o xornal *La Voz de Galicia* recolle unha breve crónica arredor do estoupido dun almacén de pirotecnia ubicado no lugar da Angustia, no que resultou gravemente ferido o seu propietario, Manuel Romero Martínez. No texto déixase constancia de que o ferido estaba a preparar as bombas para a festa dunha aldea próxima ó lugar do suceso. Ben poidera tratarse das bombas destinadas á propia romaría da Angustia.

E tamén deste ano de 1920 sabemos pola crónica xudicial recollida en *La Voz de Galicia* o 20 de setembro do 1923 que na romaría da Angustia Antonio López Gómez deulle unha vareada na cabeza a Ezequiel Pérez Carroqui (sic), despois de que este lle quitara a parella de baile. Apúntase que a ferida ocasionada curou ós 26 días.

O 23 de setembro de 1925, tamén en *La Voz de Galicia*, faise unha extensa crónica arredor dun “*crimen*” acontecido o domingo, día 20, durante a festa da virxe da Angustia.

Achegándose as 20:30h. da tardiña, a 200 metros do lugar da festa, a Garda Civil atopou tirado na carretera a un home gravemente ferido, identificáronse dúas feridas de arma branca, na clavícula esquerda e no abdome do mesmo lado.

Os gardas tentaron conterlle a hemorraxia e preguntáronlle quen o agredira, ó que a vítima so lles dixo que fora un veciño de Betanzos do cal descoñecía o nome. Naquel intre pasaba pola carretera un coche da Constructora Naval no que se levou ó ferido e ós gardas ó Hospital de Betanzos.

De volta á Angustia, os gardas atoparon unha boina no lugar do suceso e preguntaron entre a xente e ninguén sabía ren do acontecido. Tras unha inspección pola zona atoparon un home agochado nunha leira de maízo, que intentou fuxir mais foi apresado. Ó non levar boina, os gardas levárono a Betanzos convencidos de que fora o autor do acoitelamento.

Xa na cidade, Antonio Valcárcel Pérez, testemuña do suceso, identificouno como o autor do mesmo. O agresor resultou ser Ramón Vázquez Rodríguez, veciño de Betanzos de corenta e tres anos e “*banastero*” (cesteiro) de oficio, xa coñecido polos seus malos antecedentes. Pola súa banda, a vítima era Antonio Veiga, tamén veciño de Betanzos. No lugar dos feitos atopouse un coitelo de trece centímetros de folla.

No exemplar de *El Ideal Gallego* do día 22 de setembro do mesmo ano contense a crónica dunha pelexa no lugar da Angustia na que o mozo Antonio Vázquez, o *Mariñas*, carreteiro de profesión, resultou ferido de arma branca por un suxeito de malos referentes coñecido polo *Bergoeiro*. O coitelo co que se produciron os feitos apareceu por tras da taberna de Taboada. Como vemos nesta crónica, o apelido da vítima non coincide co que aparece en *La Voz de Galicia*, mais os detalles restantes fan supoñer que se trata do mesmo suceso.

Uns días máis adiante, o 25 de setembro, aparece en *La Voz de Galicia* unha pequena noticia na que se indica que Manuel Valcárcel Pérez, oficial segundo de Oficinas Militares en Betanzos, comunicou ó propio xornal que o seu fillo Antonio Valcárcel, que na crónica de días anteriores aparecía como testemuña do acoitelamento, non coñece nin recoñeceu ante o xuíz que durante a romaría da Angustia ferise gravemente a Antonio Veiga, veciño de Cortiñán. Si recoñeceu que se atopaba na festa, mais que non se percatou do suceso até despois de acontecido este.

A ausencia de novas ó respecto en días posteriores non permite clarexar máis arredor deste acoitelamento e tampouco se pode verificar se a vítima faleceu, xa que tampouco se rexistra ningunha nota necrolóxica co seu nome e apelidos.

No ano 1927, *El Ideal Gallego* recolle o día 20 de setembro unha nova lutuosa. Apúntase no xornal que entre a rapazada da Coruña estase a coller a costume de viaxar clandestinamente no teito dos vagóns do tren durante os domingos para dirixirse a destinos próximos á cidade, como por exemplo Betanzos. Pois ben, o domingo 18 dese mes, un grupo de rapaces voltaba á Coruña despois de desprazarse ilegalmente á romaría da Angustia. Ó pasaren polo túnel do Burgo, Francisco Ovelleira Meijide, de catorce anos, ía de pé no teito do vagón e recibiu un golpe caendo á vía e resultando morto.

Nos anos restantes comprendidos neste estudo non hai constancia na prensa de ningún outro suceso, o cal non significa que non se producisen.

Outros casos que se poden incluír dentro deste apartado non teñen que ver coa violencia, mais si coa picaresca das xentes que moitas veces utilizan o sentir relixioso para o seu propio lucro. No ano 1888 *El Escobón* recollía a nova do roubo dos cartos recollidos para a celebración da festa da Angustia, e, dous anos máis tarde, *El Mendo* advertía que por Betanzos andaba unha muller a pedir para a festa, sen saberse a ciencia certa se tiña autorización para facelo.

#### 4- A VENERACIÓN DAS CIGARREIRAS

Até comezos da década dos 80 do século pasado era frecuente identificar entre os fieis que asistían ás celebracións litúrxicas da Angustia algunhas “*cigarreras*”, mulleres que traballaran na Fábrica de Tabacos da Coruña que, por aquel entón xa a título persoal, continuaban rendindo honras á virxe, traendo así a lembranza das numerosas comitivas que en tempos anteriores chegaban a Betanzos en tren para asistir á misa e romaría da Angustia.

Pero cómpre facerse un par de preguntas. Cando é que comezaron as cigarreiras a acudir á festa da Angustia? E cal foi o motivo polo que entre o persoal da Tabacalera coruñesa se comezou a venerar esta imaxe mariana de Betanzos?

A primeira mención explícita á asistencia das cigarreiras á festa da Angustia que se atopou nos anos que comprende este estudo corresponde a unha noticia breve publicada en *La Voz de Galicia* o 18 de setembro de 1923, na que se indica que as cigarreiras da Coruña “*al igual que en años anteriores*” asistiron á romaría betanceira e que, nesta ocasión, levaron como agasallo un estandarte.

Esta crónica apunta dous datos de gran interese. O primeiro, que a asistencia á festa viña xa de antes, e o segundo, que a delegación coruñesa adoitaba agasallar á virxe.

Ó ano seguinte, 1924, no exemplar de *El Ideal Gallego* do 14 de setembro publícase un pequeno texto anunciando o comezo da novena da Angustia e máis o día da celebración maior, apuntando a numerosa concurrencia das cigarreiras á romaría e o seu costume de deixar un agasallo no templo.

Na crónica da romaría dese mesmo ano publicada en *La Voz de Galicia* infórmase que a delegación coruñesa estivo formada por unhas 600 cigarreiras e máis de 400 “*agregados*”. O agasallo que levaron nesa ocasión foi un crucifixo e dous candelabros de prata. Ademais apórtanse os nomes propios de varias das persoas que integraron a comitiva, entre elas Juana Fernández, á que se identifica como unha das fundadoras do culto á Angustia entre as cigarreiras. Tamén se indica a disposición destas traballadoras

para conseguir que ó ano seguinte se puxese un servizo especial de trens dende A Coruña a Betanzos para facilitar a asistencia á romaría.

No 1925, nos días previos á celebración da festa da Angustia, o xornal *El Ideal Gallego* publica dúas noticias informando do inicio da novena e do día grande da festa, en ámbalas dúas apúntase que a presenza das cigarreiras coruñesas sería habitual como nos anos previos.

Ese mesmo xornal publica o 22 de setembro unha crónica moi precisa arredor da romaría da Angustia na que, con respecto á delegación das cigarreiras, faise un relatorio dos nomes dalgunhas das persoas que asistiron, indicando que varios dos homes participaron como costaleiros na procesión e destacando a presenza de Dolores Juncal, precursora na Fábrica de Tabacos da veneración a esta virxe.

Até uns anos máis tarde, concretamente no 1928, non voltan aparecer referencias ás cigarreiras nas novas da festa da Angustia publicadas na prensa. Nese ano *El Ideal Gallego*, falando da celebración da novena, dá conta da gran devoción que as traballadoras da Fábrica de Tabacos da Coruña lle profesan á virxe por uns favores concedidos.

O 8 de setembro de 1929 en *El Ideal Gallego* publícase un extenso artigo de Genaro Urecei arredor da celebración da festividade da virxe da Consolación, padroeira das empregadas da Tabacalera coruñesa, que retomaron o funcionamento dunha confraría adicada a esta advocación da virxe durante moitos anos inactiva.

No mesmo texto faise constancia da devoción que boa parte das cigarreiras lle teñen tamén á virxe da Angustia de Betanzos e dase a clave da orixe deste culto.

O seu inicio tivo que ver coa división xerada entre as empregadas da fábrica no terreo político a raíz da celebración na Coruña, o 18 de xullo de 1869, do chamado Pacto Federal, reunión na cal as cigarreiras tomaron parte.

Entre parte das traballadoras comezaron a prender ideas próximas á estruturación federalista do Estado español e a unha nova visión do movemento societario. As cigarreiras máis activas neste eido eran as da propia área urbana da Coruña, mentres que as procedentes dos suburbios e das aldeas mantíñanse máis á marxe.

Froito desas discrepancias na ideoloxía política houbo un grupo de cigarreiras que o extrapolaron ó sentimento relixioso e puxéronse baixo o patrocinio da virxe da Angustia.

O autor do artigo apunta a orixe desta devoción no ano 1920 ou 1921 e mesmo di que as cigarreiras corrían cos gastos da festa. Tamén indica que ós poucos anos interrompeuse tal costume e a visita das traballadoras a Betanzos quedou reducida a unha xira campestre por Abegondo.

Este último apuntamento queda deslexitimado polas mencións á presenza das cigarreiras na romaría que aparecen nas crónicas dos xornais nos anos seguintes.

Nese 1929, o propio *El Ideal Gallego* faise eco da asistencia dun bo número de traballadoras da Tabacalera á festa da Angustia, e mesmo engade que agasallaron ó santuario cuns candelabros de prata. Ó ano seguinte, o mesmo xornal, volta apuntar a que unhas corenta cigarreiras acudiron á celebración.

E no 1931, tamén nas crónicas de *El Ideal Gallego*, infórmase da viaxe dunha delegación de cigarreiras á romaría da Angustia que foron recibidas pola banda de música á súa chegada á estación ferroviaria de Betanzos-Norte.

Até uns anos despois, no 1937, non aparece mención algunha ás cigarreiras nas novas publicadas nos xornais sobre a festa da Angustia. Ese ano é *La Voz de Galicia* a que

nun breve arredor da celebración da romaría apunta que nos actos relixiosos adoitan estar presentes as empregadas da Fábrica de Tabacos.

Esta é a derradeira mención directa á presenza das cigarreiras que se atopou nos anos analizados neste estudo. Si que se fan referencias a que a romaría da Angustia conta con numerosos asistentes tanto da cidade e contorna de Betanzos como xentes vidas da Coruña. É doado conxeturar que moitas cigarreiras continuaron vindo a honrar á virxe mais xa de xeito persoal e sen constituir unha delegación oficial.



Veciñas de Illobre durante unha xornada de traballo na Leira do Campo.  
Finais dos anos 50-Primeira metade dos anos 60.

**ANEXO****Listaxe de nomes propios presentes nas noticias da Festa da Angustia**

- Blanco, Federico. Director do Colexio de San Luis Gonzaga (*La Libertad*, 15/09/1886)
- Carreró, Miguel. Orador (*El Diario de Galicia* 25/09/1895 e 25/09/1896)
- Carro, Enrique. Delegación das Cigarreiras (*El Ideal Gallego* 22/09/1925)
- Casás, sr. Avogado (*La Voz de Galicia* 20/09/1923)
- Castro Queiruga. Cura párroco de Santa María do Azogue (*La Aspiración* 13/09/1905 e 22/09/1907)
- Castro, Enrique. Delegación das Cigarreiras (*La Voz de Galicia* 24/09/1924)
- Castro, Rogelio. Delegación das Cigarreiras (*La Voz de Galicia* 24/09/1924)
- Dopico, José. Comerciante arxentino (*Nueva Era* 22/09/1912 e *El Eco de Galicia* 22/09/1912)
- Echevarría, sr. Fiscal (*La Voz de Galicia* 28/09/1919)
- Fernández, Juana. Cigarreira fundadora da veneración á virxe da Angustia (*La Voz de Galicia* 24/09/1924)
- Fuentes, Luis. Director de Banda de Música (*La Voz de Galicia* 14/09/1932)
- Galán, Enrique. Delegación das Cigarreiras (*El Ideal Gallego* 22/09/1925)
- Gamallo, José. Subdiácono (*La Voz de Galicia* 24/09/1924)
- García Amor, Antonio. Tenor coruñés (*El Ideal Gallego* 17/09/1930 e 24/09/1930; *La Voz de Galicia* 17/09/1933 e 16/09/1934)
- García, Manuel. Delegación das Cigarreiras (*La Voz de Galicia* 24/09/1924)
- Gayán, Guillermo. Delegación das Cigarreiras (*La Voz de Galicia* 24/09/1924)
- Golpe López, sr. Orador (*La Aspiración* 22/09/1907)
- Gómez García, Olimpia. Nena que recitou poemas á virxe da Angustia (*El Ideal Gallego* 19/09/1934)
- Gómez Muñoz, Felipe. Cura párroco de Santa María do Azogue (*La Aspiración* 25/09/1910; *Nueva Era* 22/09/1912; *El Eco de Galicia* 23/09/1910, 22/09/1912 e 25/09/1912)
- González Rodríguez, sr. Avogado (*La Voz de Galicia* 28/09/1919)
- Hungarelo, Br. Corresponsal de prensa en Betanzos (*El Diario de Galicia* 20/09/1894, 27/09/1894, 25/09/1895 e 25/09/1896)
- Iglesias, Pedro. Escultor dunha imaxe da virxe da Angustia levada a Paderne (*El Diario de Galicia* 25/09/1895)
- Juncal, Dolores. Cigarreira fundadora da veneración á virxe da Angustia (*El Ideal Gallego* 22/09/1925)
- Lagares, sr. Pirotécnico (*La Voz de Galicia* 14/09/1932)
- Lagoa, José. Involucrado nunha lea (*La Aspiración* 30/09/1906)
- Leiras, Antonio. Sacerdote (*El Mendo*, 17/09/1890, 20/09/1890 e 22/09/1890)
- López Gómez, Antonio. Causante dunha lea (*La Voz de Galicia* 20/09/1923)
- López Mera, Luis. Inspector eclesiástico (*El Ideal Gallego* 24/09/1950)
- López, Juana. Delegación das Cigarreiras (*El Ideal Gallego* 22/09/1925)
- Marabillas, o. Veciño da Magdalena (*La Aspiración* 24/09/1904)
- Mariñas, Juan de las. Corresponsal de prensa en Betanzos (*La Mañana* 24/09/1896)
- Martí, Joaquín. Director da Banda Municipal de Música (*El Mendo* 22/09/1890)
- Monelos, Josefa. Delegación das Cigarreiras (*El Ideal Gallego* 22/09/1925)
- Ovelleira Meijide, Francisco. Neno da Coruña morto nun accidente (*El Ideal Gallego* 20/09/1927)
- P. e B. Corresponsal de prensa en Betanzos (*El Eco de Galicia* 17/09/1911, 26/09/1911, 01/10/1911, 22/09/1912, 25/09/1912, 04/10/1912, 23/09/1913, 01/10/1913 e 16/09/1915)
- Pena, sr. Director de coro (*La Voz de Galicia* 17/09/1933 e 16/09/1934)
- Penedo López, Juan. Capelán do santuario da Angustia (*La Aspiración* 13/09/1905 e 22/09/1907; *El Eco de Galicia* 17/09/1909, 01/10/1911 e 22/09/1915; *El Ideal Gallego* 13/09/1925, 22/09/1925, 13/09/1928, 11/09/1930, 17/09/1930, 24/09/1930 e 24/09/1950; *La Voz de Galicia* 06/10/1922, 24/09/1924, 16/09/1934 e 19/09/1937)



- Pérez Carroqui (sic), Ezequiel. Agredido nunha lea (*La Voz de Galicia* 20/09/1923)
- Pérez, José. Director de orquestra (*El Ideal Gallego* 17/09/1930 e 24/09/1930)
- Piñeiro, Adela. Delegación das Cigarreiras (*El Ideal Gallego* 22/09/1925)
- Pita, Andrés. Involucrado nunha lea (*La Voz de Galicia* 20/09/1923)
- Pita, Claudino. Empresario betanceiro (*El Pueblo* 19/09/1901 e *La Voz de Galicia* 14/09/1932)
- Pomares, sr. Fiscal (*La Voz de Galicia* 20/09/1923)
- Posse. Corresponsal de prensa en Betanzos (*La Voz de Galicia* 10/09/1933 14/09/1934, 16/09/1934 e 19/09/1934)
- Rabizas, o. Carreiteiro e vicario da festa da Angustia (*La Aspiración* 30/09/1906)
- Ramírez Rodríguez, Conchita. Nena que recitou poemas á virxe da Angustia (*El Ideal Gallego* 19/09/1934)
- Ramos, Manuel. Delegación das Cigarreiras (*La Voz de Galicia* 24/09/1924)
- Rey Sárguez, Álvaro. Diácono e párroco de Colantres (*La Voz de Galicia* 24/09/1924 e *El Ideal Gallego* 22/09/1925)
- Rey Tenreiro, José. Delegación das Cigarreiras (*El Ideal Gallego* 22/09/1925)
- Rivas, José. Escultor da imaxe do San Miguel existente no templo da Angustia (*El Ideal Gallego* 22/09/1925)
- Rivera, Manuel. Cura párroco de Santa María do Azogue (*La Voz de Galicia* 24/09/1924 e *El Ideal Gallego* 18/09/1929)
- Rodríguez, Consuelo. Nena que recitou poemas á virxe da Angustia (*El Ideal Gallego* 19/09/1934)
- Rodríguez, Manuel. Delegación das Cigarreiras (*El Ideal Gallego* 22/09/1925)
- Romero Martínez, Manuel. Pirotécnico ferido (*La Voz de Galicia* 01/09/1920)
- Rueda, Consuelo. Delegación das Cigarreiras (*El Ideal Gallego* 22/09/1925)
- Sánchez Amor, Jesús. O Maraño. Inculpado nunha lea (*La Voz de Galicia* 23/09/1915 e 28/09/1919; *El Ideal Gallego* 28/09/1919)
- Suárez, Antonio. Delegación das Cigarreiras (*La Voz de Galicia* 24/09/1924)
- Sueiro, sr. Cura párroco de Santa María do Azogue (*El Ideal Gallego* 24/09/1950)
- Taboada, Arturo. Delegación das Cigarreiras (*La Voz de Galicia* 24/09/1924)
- Teijeiro Bugallo, Javier. Autor dun artigo sobre cultos relixiosos (*La Voz de Galicia* 16/09/1925)
- Ucha García, Emilio. Presbítero (*La Aspiración* 20/09/1908 e *El Eco de Galicia* 17/09/1909)
- Valcárcel Pérez, Antonio. Testemuña dun acoitelamento (*La Voz de Galicia* 23/09/1925 e 25/09/1925)
- Valcárcel Pérez, Manuel. Oficial de segunda das Oficinas Militares (*La Voz de Galicia* 25/09/1925)
- Vázquez Rodríguez, Antonio. O Bergueiro. Cesteiro inculpado dun acoitelamento (*La Voz de Galicia* 23/09/1925)
- Vázquez, Antonia. Delegación das Cigarreiras (*El Ideal Gallego* 22/09/1925)
- Vázquez, Manuel. Delegación das Cigarreiras (*El Ideal Gallego* 22/09/1925)
- Vázquez, Olimpia. Delegación das Cigarreiras (*El Ideal Gallego* 22/09/1925)
- Veiga Lamas, José. Vítima duns disparos (*La Voz de Galicia* 28/09/1919)
- Veiga Lamas, Manuel. Vítima duns disparos (*La Voz de Galicia* 23/09/1915 e 28/09/1919)
- Veiga, Antonio. Vítima dun acoitelamento (*La Voz de Galicia* 23/09/1925 e 25/09/1925)
- Veiga, Celedonio (sic). Vítima duns disparos (*El Ideal Gallego* 28/09/1919)
- Velo, Ramón. Delegación das Cigarreiras (*La Voz de Galicia* 24/09/1924)

# NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

## **Tema**

O *Anuario Brigantino* é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo o criterio do Comité Científico. O ámbito de investigación primará o marco xeográfico de Betanzos e a súa comarca, sendo extensible ao resto de Galicia. Está editada polo Concello de Betanzos e a súa periodicidade é anual.

## **Orixinais**

Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traducións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fóra da revista.

## **Formato, lingua e soporte**

Os traballos deben enviarse por correo electrónico a [anuariobrigantino@betanzos.net](mailto:anuariobrigantino@betanzos.net). Os textos remitiránse en galego, castelán, portugués ou inglés en calqueira programa de procesador de textos (Word, Open Office e similares) e as fotos en formato JPEG ou TIFF.

## **Extensión e ilustracións**

Unha vez maquetado co estilo propio do *Anuario Brigantino*, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas.

## **Autor-Autores**

Engadirase unha nota biográfica do autor ou autores, que non exceda as 5 liñas maquetadas. Dita nota debe incluír o correo electrónico, a institución onde presten os seus servizos e a labor que desempeñan.

## **Sumario e Abstract**

Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resumo na lingua do traballo e outro (abstract) en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas. Ademais haberá que escoller cinco palabras clave que definan o contido do traballo

e presentalas no idioma orixinal do traballo e na súa tradución ao inglés.

## **Texto**

Empregarase a cursiva para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.

Utilizaranse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo á parte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar. As comiñas simples ' ' resérvanse para conter significados. As supresións de texto nas citas indícanse mediante tres puntos entre corchetes [...]. As intervencións do autor nas citas tamén se farán entre corchetes.

## **Citas bibliográficas**

Citas parentéticas complementarias da bibliografía final.

No texto, entre paréntese, sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do autor ou autores, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espacio e ano de publicación.

Se é preciso, despois de dous puntos, irá o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guión). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñerase o número do que corresponda ó da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluírase antes da cifra a abreviatura correspondente.

Exemplos: (Miguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureau, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).

Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificalas: (Monteagudo, 2000a). Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre parénteseponse só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...

Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máisponse só o primeiro seguido de et al.

### Notas ó pé

As notas ao pé aparecerán ao final do texto e non conterán referencias bibliográficas, xa que estas deberan aparecer dentro do propio texto e colocadas entre parénteses. As notas ao pé servirán unicamente para desenvolver de forma somera algunha idea ou aportación que non vaia aparecer no texto do artigo.

Empregaranse as notas ao pé para citar as obras literarias antigas, as notas ao pé e os recursos electrónicos:

### Recursos e edicións dixitais

Indicarase a dirección web e a data de consulta entre corchetes.

RICCIONI, Stefano (2008): «Épiconographie de l'art roman en France et en Italie (Bourgogne/Latium). L'art médiéval en tant que discours visuel et la naissance d'un nouveau langage», *Bulletin du Centre d'Études Médiévales d'Auxerre*, no 12 [<http://cem.revues.org/index7132.html>]. Consulta de 10- 10-2008].

### Notas de prensa

Poderán ir como nota ao pé indicando o título da publicación, a data de publicación, o número do exemplar e as páxinas. En caso de contar un título a nota ou a imaxe empregada, deberá ser escrito en cursiva.

### Obras literarias antigas

Acolleranse ás referencias abreviadas de uso común, precedidas do nome do autor en maiúscula e do título da obra: SAN ISIDORO, *Etimologías*, II, 3, 5, entendéndose libro II, capítulo 3, sección 5. No caso de utilizar edicións modernas das mesmas, seguirase o formato da norma antecedente. Os textos bíblicos serán citados así: Éxodo 5, 1-2; Apocalipsis 12, 7. Pódense tamén utilizar as abreviaturas convencionais dos libros: Ex. 5, 1-2; Ap. 12, 7.

### Bibliografía final

#### *Monografías e obras colectivas*

APELIDO(S), Nome completo (ano): Título en cursiva. Editorial, lugar de edición, [vol./tomo]. De existir varios autores, cada nome e apelido(s) se separarán por punto e coma. BARNAY, Sylvie (1999): *Le ciel sur la terre. Les apparitions de la Vierge au Moyen Âge*. Éditions du Cerf, París.

Se se trata dunha obra colectiva citada na súa integridade, indicarase «ed./dir./coord.» entre o nome do compilador e o ano de edición.

CARRERO, Eduardo; RICO, Daniel (eds.) (2004): *Catedral y ciudad medieval en la Península Ibérica*. Nausicaá, Murcia.

#### *Artigos de revistas*

APELIDO(S), Nome completo (ano): «Título». Nome da revista en cursiva, vol./tomo, no, páxinas. YARZA LUACES, Joaquín (1974): «Iconografía de la Crucifixión en la miniatura española, siglos X al XII». *Archivo Español de Arte*, t. XLVII, no 185, pp. 13-38.

#### *Capítulos de libros e contribucións en actas de congresos*

APELIDO(S), Nome completo (ano): «Título». En: APELIDO(S), Nome completo (ed./dir./coord.): Título do libro ou volume de actas en cursiva. Editorial, Lugar de edición, [vol./tomo], páxinas. KENAANKEDAR, Nurith (1974): «The Impact of Eleanor of Aquitaine on the Visual Arts in France». En: AURELL, Martin (dir.): *Culture Politique des Plantagenêt*. Université de Poitiers-Centre d'Études Supérieures de Civilisation Médiévale, Poitiers, pp. 39-60.

Se o autor do capítulo coincide co autor do libro, non se reitera o nome, dándose por sobreentendido. SAUERLANDER, Willibald (1974): «Über die Komposition des Weltgerichts-Tympanons in Autun». En: *Romanesque Art. Problems and Monuments*. The Pindar Press, Londres, vol. I, pp. 223-267.

#### *Catálogos de exposicións*

Título da exposición en cursiva (ano), catálogo da exposición (Lugar, ano). Editorial, Lugar de edición. The Year 1200. A Centennial Exhibition at The Metropolitan Museum of Art (1970), catálogo da exposición (Nueva York, 1970). The Metropolitan Museum of Art, Nueva York. No caso de citar unha contribución concreta dentro dun catálogo, proceder segundo a norma precedente incluíndo os datos precisos da exposición de acordo coa presente norma. CUADRADO, Marta (2001): «Virgenes abrideras». En: *Maravillas de la España Medieval. Tesoro sagrado y monarquía*, catálogo da exposición (León, 2000-2001). Junta de Castilla y León, vol. I, pp. 439-442.

### *Teses doutorais e memorias de investigación inéditas*

APELIDO(S), Nome completo (ano): Título da tese en cursiva. Tese doctoral/memoria de investigación inédita, Universidade/centro de investigación.

PÉREZ HIGUERA, María Teresa (1974): Escultura gótica toledana. La catedral de Toledo (siglos XIII- XIV). Tesis doctoral inédita, Universidad Complutense de Madrid.

### *Edicións de fontes e obras literarias*

NOME E APELIDO(S) (ano): Título en cursiva. Edición de APELIDOS, Nome (ano da edición moderna): Título da edición en cursiva. Editorial, Lugar de edición, [volume/tomo].

JOHANNES GERSON (1363-1429): Opera Omnia. Edición de DU PIN, Louis Elies (1987): Johannes Gerson. Opera Omnia. George Olms Verlag, Hildesheim, vol. III.

Se non se pode precisar a data exacta da fonte orixinal, indícase o século, e se tampouco fose posible indicar isto, deixárase en branco indicando o final a data da edición moderna.

### **Ilustracións**

As imaxes incluídas serán fotografías ou deseños libres de dereitos. En caso de reproducir imaxes xa publicadas, deberá citarse debidamente a fonte orixinal. No caso de imaxes tomadas de Internet, especificarase a dirección web e a data de captura. En todo caso, o autor do traballo será o responsable de calquera posible vulneración de dereitos. O envío das imaxes debe facerse en formato JPG ou TIFF, cunha calidade mínima que permita a súa edición e maquetación. De non ser así, poderá ser descartada. De existir un lugar determinado dentro do texto para a colocación das imaxes, debe ser indicado cunha numeración correlativa (Imaxe 1, Imaxe 2, etc.) para facilitar o traballo de edición posterior. Cada foto deberá ir acompañada dun texto para o pé de foto no que se citará a información do seguinte xeito: APELIDOS, Nome (Año). Título ou descrición da fotografía en cursiva. Medidas, fondo.

Fig. 14. FERRER (ca.1890). Vendedoras na rúa da Porta da Vila. Arquivo Municipal de Betanzos.

Se se trata da reprodución dalgunha obra de arte o sistema será similar:

APELIDOS, Nome (Año). Título da obra en cursiva. Material e medidas se se coñecen. Fondo do que procede.

Fig. 15. LÓPEZ CRESPO, J. (1903). José Ildelfonso Portal Montenegro. Museo das Mariñas.

### **Dereitos**

Os autores serán sempre os responsables legais dos seus textos. Non se poderá esixir ningún tipo de remuneración económica nin a publicación do traballo supón ningún tipo de relación contractual co Concello de Betanzos.

### **Revisión**

Será decisión do Comité Científico a publicación definitiva de cada traballo, tratando sempre de corrixir xunto co autor todos aqueles erros que sexan advertidos.

Os artigos de investigación estarán avaliados por dous expertos no tema, revisando o traballo de forma anónima seguindo o sistema de dobre cego e emitindo un informe no que se valorará a pertinencia da súa publicación.

A revista comprométese a adoptar unha decisión sobre a publicación de orixinais nun prazo de seis meses, reservándose o dereito de publicación nun prazo de dous anos, dependendo sempre das necesidades da revista.

O *Anuario Brigantino* contactará cos avaliadores aos que lles remitirá unha copia do texto sen indicio directo da identidade do autor e un modelo de informe no que se poida avaliar o contido do artigo, os aspectos formais, a calidade do texto, a clasificación tipolóxica no que deberemos encadralo e un veredicto no que se aconselle ou non a súa publicación ou a súa corrección. Estes datos poden ser enviados ao autor, tamén de forma anónima para o seu coñecemento e para favorecer as eventuais modificacións.

### **Corrección**

O *Anuario Brigantino* conta cun Comité de Redacción que revisará todos os textos e poderá propoñer modificacións nos mesmos aos autores, que disporán dun prazo máximo de dúas semanas para solventar os erros indicados. Non se permitirán cambios sustanciais do texto entregado.